




Sumario | nº17 – Maio 2022


RECURSOS

Recursos
e ferramentas TIC
*para axudar
na investigación*





OPINIÓN

A carreira investigadora
que vén. Os novos
doutores e doutoras



**Dirección
'cum laude'**



EDIUS **NOVAS**

Novena edición
do Encontro da Mocidade
Investigadora




EDIUS **NOVAS**

Paloma Valor Bonillo
Bolsas para investigar
no Xapón




EDIUS **NOVAS**

A Gran Final do *Three
Minute Thesis* celebrarase,
con público, o 2 de xuño




EDIUS **NOVAS**

A Facultade de Filoloxía
da USC acolle este ano
o 'Día dos Graduados'



Marián Cobelas

«Un bo director ou directora de tese
debe ser unha persoa accesible que
transmita confianza, compromiso
e autenticidade»



EDIUS **NOVAS**

Cincuenta universidades
de toda España participan
no concurso 'A tese nun fío
de Twitter'



RECURSOS

Recursos e ferramentas TIC
para axudar na investigación

Cando unha persoa se matricula na EDIUS para sacar adiante unha tese de doutoramento, seguramente xa sabe que a Universidade de Santiago posúe ferramentas TIC que van facilitar e permitir boa parte do seu traballo de investigación. Trátase de recursos que permiten obter datos e informacións complementarias para abordar unha temática. As TIC como recursos de información permiten dispoñer de datos de forma actualizada en fontes de información e formatos multimedia. En resumo, son ferramentas indispensables para buscar, avaliar e organizar datos.

Ramón Luís Pazos Ferreiros, María Carmen Cierzo Castaño e María Luisa Iglesias Otero, director e persoal da Biblioteca Intercentros de Psicoloxía e Ciencias da Educación, veñen de impartir un curso de especialización en competencias de información destinado a doutorandos e doutorandos. O obxectivo era informar e explicar os recursos e fontes de información para a investigación dos que dispón a USC. Para estes expertos, é fundamental que os/as investigadores/as saiban onde teñen que dirixirse cando precisan atopar información, coñecer cales son as fontes fiables, saber almacenar os datos e gardar toda a información.

A USC dispón das ferramentas precisas para que calquera alumno/a ou investigador/a poida realizar un traballo de investigación ao máis alto nivel. “Se alguén necesita un documento, a Universidade posúe un servizo para poñerllo á súa disposición. Se non o tivéssemos nós, dispoñemos de medios para poder proporcionarllo grazas a convenios e colaboracións con outros organismos e institucións”, aseguran desde o departamento de bibliotecas.

O director da Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación sabe que non todo o alumnado coñece os servizos que a universidade lles ofrece. É consciente de que o acceso a estas ferramentas debe evolucionar para que o seu uso sexa máis sinxelo, rápido e eficaz. De feito, na actualidade xa se está a traballar na modernización dun programa para unificar todos os recursos dispoñibles. Trataríase dunha ferramenta de descubrimento nova, unha interface única onde atopar toda a información que o investigador/a poida precisar.

Á hora de buscar información, a USC dispón dunha ferramenta básica que case todo o alumnado coñece. O catálogo da biblioteca chámase ‘Iacobus’ e permite o acceso aos rexistros dos fondos localizados en todas as bibliotecas de centro e intercentros: libros, revistas e xornais, teses, audiovisuais, fotografías, mapas, debuxos, etc. O acceso ao catálogo pódese facer desde calquera ordenador con conexión a Internet.

Pero amais, existen outros recursos de información máis específicos aos que se pode acceder a través da web da [Biblioteca Universitaria](#). A continuación, vai unha listaxe coas ferramentas máis empregadas dependendo do campo ou da área de investigación:

*

HUMANIDADES

- Bibliographie de Civilisation Médiévale: <https://rebusca.usc.gal/bcm>
- Arkyves: <https://rebusca.usc.gal/arkyves>
- LION Literature Online: <https://rebusca.usc.gal/lion>
- LLBA - Linguistic and Language Behavior Abstracts: <https://rebusca.usc.gal/llba>
- MLA International Bibliography with Full Text: <https://rebusca.usc.gal/mla>

*

FISICA, ENXEÑERÍA, QUÍMICA, MATEMÁTICAS, BIOLOXÍA

- Access Engineering: <https://rebusca.usc.gal/access-engineering>
- Earth, Atmospheric & Aquatic Science: <https://rebusca.usc.gal/earth>
- SciFinder-n: <https://rebusca.usc.gal/scifinder-n>
- Access Engineering: <https://rebusca.usc.gal/access-engineering>
- MathSciNet: <https://rebusca.usc.gal/mathscinet>
- Zentralblatt Math: <https://rebusca.usc.gal/zentralblatt-math>

*

PSICOLOXÍA-CIENCIAS DA EDUCACIÓN

- PsycInfo: <https://rebusca.usc.gal/psychinfo>
- Pilots: <https://rebusca.usc.gal/pilots>
- SPORTDiscus: <https://rebusca.usc.gal/sportdiscus>
- Eric: <https://rebusca.usc.gal/eric>
- TRC-Teacher Reference Center: <https://rebusca.usc.gal/trc>

*

DEREITO-SOCIOLOXÍA-ECONOMÍA-CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

- Aranzadi: <https://rebusca.usc.gal/aranzadi>
- La Ley digital Online: <https://rebusca.usc.gal/laleydigital>
- Tirant Online: <https://rebusca.usc.gal/tirant-online>
- Iustel: <https://rebusca.usc.gal/iustel>
- Business-Source Premier: <https://rebusca.usc.gal/bsp>
- Regional Business News: <https://rebusca.usc.gal/rbn>
- SABI- Sistema de Análisis de Balances Ibéricos: <https://rebusca.usc.gal/sabi>
- Banco de Datos ASP/JDS: <https://rebusca.usc.gal/asp-jds>
- Alternativa Press Index: <https://rebusca.usc.gal/alternativa-press-index>
- World Press Trends: <https://rebusca.usc.gal/wpresstrends>

*

BIOMEDICINA-FARMACOLOXÍA

- Biblioteca Cochrane: <https://rebusca.usc.gal/cochrane>
- Medline: <https://rebusca.usc.gal/medline>
- Farmacopea Española: <https://rebusca.usc.gal/farmacopea-espanola>
- CINAHL: <https://rebusca.usc.gal/cinahl>

*

MULTIDISCIPLINARES

- Dialnet: <https://rebusca.usc.gal/dialnet>
- Indices CSIC: <https://rebusca.usc.gal/indices-csic>
- Scopus: <https://rebusca.usc.gal/scopus>
- Serials Directory: <https://rebusca.usc.gal/tsd>
- WOS-Web of Science: <https://rebusca.usc.gal/wos>
- AENORMás. Normas UNE: <https://rebusca.usc.gal/aenor>



Xerardo Prieto Estévez

Ciencias e Enxeñarías

OPINIÓN

A carreira investigadora que vén. Os novos doutores e doutoras

Estes últimos meses moito se fala da posibilidade de levar a cabo unha nova carreira investigadora en España. Nunha ollada cara a Galicia, o goberno galego anunciou que este ano aprobará unha carreira investigadora que garanta a profesionalización e a estabilización. Teremos que agardar para ver en que se concreta este anuncio. Mentres, achegando o foco ao ámbito das universidades, a Universidade de Santiago de Compostela ten claro o obxectivo: é imprescindible o avance do deseño da nova carreira investigadora, soltando as áncoras das vellas fórmulas.

Estas novidades condúcennos a novas incógnitas sobre as que debemos reflexionar tanto a comunidade investigadora da USC como os profesionais de apoio á investigación, nomeadamente a Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS). Temos que valorar como afectará o novo deseño aos futuros doutores e doutoras que se formen na USC. Naqueles aspectos que permita o marco normativo, a nova carreira investigadora pode repercutir na formación previa, na etapa de tese, así como no tempo de “investigador en formación” pre e posdoutoral. A madurez e establecemento do novo investigador debe ter un horizonte temporal razoable, non os 14 ou 15 anos necesarios actualmente no mellor dos casos. Todos estes cambios deberían levar aparellados, como consecuencia lóxica, a estabilidade económica que fortalece a satisfacción e compromiso, prevendo os riscos da fuga do capital humano que forma a USC.

Teño que reconecer que, a día de hoxe, non teño unha resposta moi esclarecedora respecto ao cambios que están por chegar para a etapa de tese. O que está claro é que non debemos perder de vista os estándares de competencia e calidade que a USC ten marcados.

Son optimista porque o traballo que leva a cabo a EDIUS é un valor engadido para os futuros estudantes de doutoramento, e non dubido que estará á altura do esforzo que nos esixe este novo horizonte.

Non obstante, aínda flota no aire unha importante dúbida que necesariamente condicionará as nosas actuacións: como se financiará esta carreira investigadora que está por vir? Se hai verdadeiro interese en non relegar á ciencia, como se asegurou durante os momentos máis duros da pandemia, entón son puro optimismo. Os tempos de recursos escasos teñen que tocar ao seu fin.

[↩ Ir ao sumario](#)

Dirección *'cum laude'*




Dirixir unha tese de doutoramento non é doado, pero o certo é que cada ano preséntanse traballos de investigación que rozan a excelencia. E aínda que os doutorandos e doutorandas son os principais responsables do éxito, tamén os directores e directoras axudan, e moito, a conseguilo. Falamos con algúns dos doutores e doutoras que dirixiron teses defendidas no curso 2019-2020 que recentemente recibiron a calificación de Extraordinarias. E isto foi o que nos contaron.

Cal é a principal calidade que debe ter un director/a de tese?

Unha tese é “extraordinaria” cando...

JUAN MANUEL LEMA RODICIO



*Codirector da tese ‘Comprensión mecanística das fermentacións en cultivo mixto mediante modelaxe metabólica’, de **Alberte Regueira López***



- Orientar a investigación a formular hipóteses e prever un plan de traballo para validalas, ou non, evitando a investigación “mecánica”.
- Aconsellar, no seu caso, á reformulación do traballo á vista dos resultados.
- Fomentar o espírito crítico e axudar a afondar nas cuestións plantexadas.
- Fomentar a curiosidade do doutorando/da, estimulando a súa creatividade, reforzando permanente as súas capacidades.
- Cando supón un avance real no coñecemento.
- Cando abre portas para novas exploracións.
- Cando esperta o interese dos investigadores/as doutros grupos.
- Cando é recoñecida por expertos como un traballo de calidade.
- Cando o doutorando/a atinxe un nivel de madurez investigadora.

MARÍA JOSÉ ALONSO FERNÁNDEZ



*Codirectora da tese ‘Nanotecnoloxía para a modulación da resposta inmune en Vih e cancro’, de **Tamara Gómez Dacoba***




Saber asesorar e guiar ao doutorando/a na súa formación, procurando que adquira importantes habilidades e capacidades transversais para o seu futuro profesional.

Cando o doutor/a mostra ter adquirido unha boa formación en termos de habilidades e capacidades transversais e cando o traballo realizado na súa tese ten o impacto esperado segundo o plantexado no seu proxecto (a nivel de publicacións, patentes...)

Principal calidade director/a de tese

Unha tese é “extraordinaria” cando...

XOSÉ LÓPEZ GARCÍA



*Director da tese ‘Narrativas dixitais de non ficción interactiva: Análise da experiencia do usuario’, de **Jorge Vázquez Herrero***



Un director de tese, máis que unha “principal calidade”, ten que ter un conxunto de calidades que permitan non só o traballo conxunto co doutorando/a e o exercicio do liderado formativo, senón tamén que lle permitan guiar con coherencia e rigor o proceso de elaboración da tese. Entendo que non hai director ou directora ideal, senón director axeitado para cada perfil de doutorando/a e para o que ese estudante busque nese momento.

O carácter extraordinario dunha tese débese, amais de cumprir as convención da investigación científica e superar os controis máis esixentes que se poden aplicar en cada momento, a que a recoñecen como tal os pares científicos que investigan nese campo. Na maioría dos casos, unha tese non é extraordinaria por un motivo senón por un conxunto que converte esa investigación en excelente. Do conxunto de indicadores, hai un que sempre resulta moi relevante: que teña un bo estado da cuestión (*state of art*).

ANTÓN BARREIRO IGLESIAS



*Codirector da tese ‘Supervivencia neuronal e rexeneración axónica tras unha lesión medular: Papel dos neurotransmisores’, de **Daniel Sobrido Cameán***



Penso que a principal calidade dun director/a de tese debe ser a de ser empático co estudante de doutoramento. A prioridade non é tanto o proxecto de investigación como a formación do estudante e que este ou esta desenvolva novas capacidades que serán necesarias no seu futuro profesional.


Cando na tese se ve reflexado que o estudante de doutoramento alcanzou a capacidade de facer ciencia de forma independente, a capacidade de resolver problemas, de facer preguntas e de acadar conclusión lóxicas e novidosas cos datos obtidos.

Principal calidade director/a de tese

Unha tese é “extraordinaria” cando...

MARÍA ÁNGELES VAL DEL RIO

ANUSKA MOSQUERA CORRAL



Codirectoras da tese ‘Avaliación dos procesos de nitrificación e anammox para o tratamento da liña principal de augas’, de Alba Pedrouso Fuentes



MARÍA ÁNGELES VAL DEL RIO

Ser capaz de xerar confianza no estudante de doutoramento para que non existan problemas de comunicación durante a realización da tese. Tamén é importante saber potenciar as facetas nas cales o estudante se sente cómodo, así como deixar marxe de autonomía para a realización do traballo experimental.

Supón un avance significativo no campo de investigación e os resultados obtidos son aplicables a unha escala real, implicando un beneficio para a sociedade en xeral. Tamén é importante que a investigación non sexa meramente descritiva e aporte conclusións prácticas.



ANUSKA MOSQUERA CORRAL

A principal calidade é a flexibilidade para: adaptarse ás necesidades dos doutorandos/as, mudar o rumbo da investigación cando o camiño elixido non dá resultados, interpretar os resultados obtidos dende diversos puntos de vista e aceptar o feito de non sempre conseguir o resultado desexado.

Se a persoa que a realiza, ademais de ter os coñecementos básicos precisos, é moi boa traballando en equipo, é moi curiosa e desfruta afrontando os retos que supón, ten moita capacidade de traballo, unha gran paixón pola investigación e está financiada axeitadamente.

[↩ Ir ao sumario](#)

Principal calidade director/a de tese

Unha tese é “extraordinaria” cando...

CARMEN ISABEL ÁLVAREZ LORENZO

ÁNGEL JOAQUÍN CONCHEIRO NINE



*Codirectora e codirector da tese
'Estratexias para a administración
ocular de fármacos antivirais e
antioxidantes', de Ángela Varela García*



CARMEN ISABEL ÁLVAREZ LORENZO

Citaría tres: coñecementos, dispoñibilidade e empatía. Nas ciencias da Saúde é importante coñecer o estado da arte a nivel internacional para que o estudante perciba que o seu traballo é novidoso e ten impacto científico e social. A paixón pola investigación, a dedicación, o rigor e a receptividade e o respecto ás ideas de outros só se ensina co exemplo.

Ao final do proceso o estudante tense convertido nun verdadeiro doutor ou doutora. Xunto cunha formación científico-técnica relevante, o estudante debe acadar competencias transversais que o poñan en condicións de formar a outros, xerar grupos de traballo e iniciar liñas de investigación que sexan competitivas a nivel internacional.



ÁNGEL JOAQUÍN CONCHEIRO NINE


Ademais de coñecer ó ámbito no que se enmarca a tese, ten que facer sentir ao estudante o seu apoio nun percorrido cheo de retos que vai ser crítico para a súa formación e o seu futuro profesional.

Os resultados son especialmente destacados e tense difundido a través de medios que os fan accesibles á comunidade científica internacional. A multidisciplinariedade, a posibilidade de transferencia ao sector produtivo e a construción de redes de colaboración son tamén facetas a ter moi en conta.

Principal calidade director/a de tese

Unha tese é “extraordinaria” cando...

JUAN JOSÉ NIETO ROIG




Codirector da tese ‘Novos métodos para o estudo e resolución de ecuacións con operadores fraccionarios e as súas aplicacións’, de Daniel Cao Labora



En primeiro lugar propor un tema interesante de investigación e transmitir paixón pola investigación.

E sobre todo abrir a fiestra a novas ideas, técnicas e diferentes xeitos de afrontar un problema. Sempre desde o equilibrio de terminar a tempo a tese e explorar territorios descoñecidos.

A contribución necesaria para presentar unha tese de doutoramento ten uns criterios ben definidos en cada área de coñecemento. Cando a contribución ao avance do saber é novidosa ou de gran impacto é cando pode considerarse extraordinaria.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Novena edición do Encontro da Mocidade Investigadora

A novena edición do Encontro da Mocidade Investigadora (EMI) bota a andar un ano máis coa constitución do seu comité organizador, que estará pechado ao longo deste mes de maio. O EMI celebrarase nunha próxima data, aínda por determinar.

O Encontro da Mocidade Investigadora vén desenvolvéndose desde o ano 2012 co propósito de favorecer as dinámicas de colaboración, debate e difusión do coñecemento xerado entre estudantes de doutoramento. Só houbo un parón en 2020 por mor da parálise xeneralizada a causa da pandemia da Covid-19. Este ano agárdase que a convocatoria esperte un gran interese por parte do alumnado da USC, desexoso de ir recuperando aos poucos a normalidade académica.

Os EMI son unha maneira moi boa de dar visibilidade aos proxectos que está a desenvolver a xente nova e pode servir de revulsivo para que se implique na investigación e deste xeito mellorar o futuro da sociedade. Ademais, este tipo de eventos son unha plataforma ideal para que o alumnado investigador teña a súa primeira experiencia expoñendo comunicacións en público.

Como xa se fixera en edicións anteriores, o encontro estará aberto non só ao persoal investigador procedente da USC, senón tamén aos seus análogos do resto das universidades galegas (UDC e UVIGO). En resumo, calquera estudante de doutoramento dunha universidade do Sistema Universitario Galego (SUG) terá a oportunidade de participar nun único evento, que durante varios días ofrecerá sesións de relatorios, pósters e mesas redondas.

O obxectivo destas xornadas é dar a coñecer as principais temáticas de cada campo de investigación

O obxectivo destas xornadas é dar a coñecer as principais temáticas de cada campo de investigación, o que sen dúbida constituirá unha experiencia enriquecedora para o alumnado de doutoramento que se anime a participar. Así mesmo, o programa contempla a entrega de premios á mellor comunicación de cada área de investigación (Ciencias, Humanidades e Saúde).

O IX EMI ofrecerá unha oportunidade única para mostrar e discutir as investigacións, potenciando así novas ideas e oportunidades. En definitiva, este encontro constitúe un marco incomparable para favorecer as relacións entre membros da comunidade universitaria, apostando pola colaboración inter e multidisciplinar entre áreas de coñecemento afíns.

 [Ir ao sumario](#)

3MT®



A Gran Final do *Three Minute Thesis* celebrarase, con público, o 2 de xuño

Até o 2 de maio tiveron de prazo os doutorandos e doutorandas da USC para presentarse á primeira edición do ***Three Minute Thesis (3MT®)***, un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras de todas as áreas do coñecemento que pretende cultivar as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación dos estudantes.

O concurso apoia a capacidade dos doutorandos e doutorandas para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos, nunha linguaxe adecuada para un público non especializado.

Esta competición reta aos estudantes de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais.

A USC, a través da EDIUS, é desde este ano unha das case mil universidades dos máis de 85 países de todo o mundo que levan a cabo este concurso. O único requisito para participar nesta primeira edición do 3MT-2022 era estar matriculado nun programa de doutoramento da USC neste curso 2021/2022.

[↩ Ir ao sumario](#)

A selección dos vídeos finalistas está agora a cargo dun comité académico conformado por membros da EDIUS e profesorado da USC. Eles serán os encargados de elixir un máximo de 12 vídeos, 3 por cada grande área de coñecemento (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñarías; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais) que concorrerán a unha Gran Final.

PREMIOS E XURADO

Os 12 vídeos finalistas concursarán na Gran Final que terá lugar o xoves 2 de xuño de 2022, ás 20:00 horas, na Nave de Vidán de Santiago de Compostela. Os 12 doutorandos e doutorandas autores das pezas farán a presentación da súa investigación en persoa. A exposición, que se fará diante dun xurado e do público, deberá respectar o tempo (3 minutos) e o guiión do traballo presentado en formato vídeo. Nesta gala serán entregados os catro Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada grande área.

O xurado, composto polos subdirectores e subdirectorías da EDIUS e por dous profesores da USC, terá en conta aspectos do contido das presentacións e a capacidade comunicativa dos candidatos e candidatas, independentemente da área á que se adscriban.


A EDIUS premiará aos doutorandos e doutorandas gañadores dos Premios de Excelencia de Divulgación Científica cun cheque por valor de 250€. Ademais, os 12 doutorandos e doutorandas que participen na final recibirán como recoñecemento uns auriculares inalámbricos.

Durante a Gran Final tamén se outorgará un premio do público. Este premio entregarase ao participante máis votado polo público, excluídos os catro gañadores.

EDIUS NOVAS

Cincuenta universidades de toda España participan no concurso ‘A tese nun fío de Twitter’

Cincuenta universidades de toda España participan este ano no concurso ‘A túa tese nun fío de Twitter’. A USC concursa por primeira vez neste evento, ao que se presentaron finalmente uns 80 fíos de 32 do medio cento de universidades participantes (datos do 25 de abril).




O concurso ‘A túa tese de doutoramento nun fío de Twitter: #HiloTesis’ é unha iniciativa que ten como obxectivo promover a actividade divulgadora entre o estudiantado de doutoramento. O concurso, unha proposta da Rede de Divulgación e Cultura Científica (RedDivulga) de CRUE, pretende que os/as participantes divulguen as súas teses nun fío de non máis de 20 tuits coas limitacións e posibilidades que ofrece esta rede social.

O concurso desenvolveuse entre os días 19 e 30 de abril de 2022. No prazo máximo de 15 días, un xurado, composto polos subdirectores e subdirectoras da EDIUS e por dous profesores/as da USC, selec-

cionará un fío que será avaliado polo xurado nacional proposto por RedDivulga. O fallo do xurado nacional producirase do 23 ao 27 de maio de 2021, coa correspondente comunicación ás universidades e participantes gañadores/as.

O concurso conta con dúas categorías: unha xeral, con tres premios, e outra para investigacións relacionadas coa inclusión e discapacidade cun premio. A USC entregará un premio en cada categoría en caso de que algún dos/as estudantes participantes sexa seleccionado e galardoado. Este premio consistirá nun importe en metálico de 250€, máis uns auriculares sen fíos.

[↩ Ir ao sumario](#)



Paloma Valor Bonillo

EDIUS NOVAS


Bolsas para investigar no Xapón

O Ministerio de Educación, Cultura, Deporte, Ciencia e Tecnoloxía do Xapón (Monbukagakusho) ofrece cada ano bolsas a nacionais españois para estudar en institucións xaponesas. A USC programou o pasado mes de abril unha conferencia a cargo da coordinadora de Cultura e Educación da Embaixada do Xapón en España, Paloma Valor Bonillo, para que o alumnado da universidade compostelá tivese toda a información sobre estas axudas.

Falamos con Paloma Valor para que nos contase polo miúdo en que consisten estas bolsas e as vantaxes que poden ter para os doutorandos e doutorandas. En primeiro lugar, Paloma Valor destaca que Xapón é un país cun nivel de investigación e tecnoloxía moi avanzado, “toda unha referencia en Asia e no mundo”. Ademais dos beneficios académicos, destaca a “importancia de adquirir outra cultura diferente e un idioma que aporta unha visión diferente da vida”. Valor Bonillo explica que outra das pretensións do goberno nipón é preparar a xente que, posteriormente, no exercicio da súa profesión, “poida servir de interlocutora e ser pontes de entendemento entre España e Xapón”. Os estudantes internacionais convértense en “embaixadores dos seus respectivos países e contribúen ao coñecemento e entendemento mutuos”, engade. A coordinadora destaca tamén que Xapón é un país “moi seguro en canto a delincuencia se refire, e limpo, no que hai un bo ambiente de estudo”.

Paloma Valor afirma que existe gran afinidade entre Galicia e Xapón, “incluso pola paisaxe”. “A xente pode adaptarse ben, máis hoxe en día que hai moitos medios para comunicarse”, engade.

Existen catro programas de bolsas de convocatoria fixa: **Graduados-Monbukagakusho: Kenkyu** (*kenkyu* significa investigación), **Formación Especializada, Formación de Profesores e de Estudos Xaponeses**. A máis indicada para doutorandos/as son as bolsas de investigación para Gra-



↩ Ir ao sumario

duados (**Kenkyu**). Estas son algunhas das súas características:

- Periodicidade: 2 anos de investigación nunha universidade de Xapón, ampliable a 2 anos de mestría e 3 de doutoramento. Se o candidato ou candidata é estudante de doutorado, pode reducir tamén o período de investigación e acceder ao doutoramento se pasa a proba de admisión.
- Dotación: billete de ida e volta, dotación mensual de aproximadamente 145.000 iens (pode variar); taxas académicas e seguro médico.
- Elixibles: estudos mínimos requiridos é ser Graduado universitario até 34 anos de idade.

Ademais, o goberno de Xapón ten en conta estes aspectos:

- Nivel de xaponés requirido: dependerá do campo de investigación, pero recoméndase e valórase ter algúns coñecementos aínda que a investigación se realice en inglés.
- Nivel de inglés: bo
- Expediente académico: bo
- Interese en Xapón e na súa cultura.
- As persoas interesadas en presentarse deberán:
- Permanecer atentos á convocatoria destas bolsas, que aparecerán na **web da Embaixada** desde finais de abril, aproximadamente.



- Preparar un proxecto de investigación no que o investigador ou investigadora xustifique por que ten que facer a tese en Xapón.
- Preparar correctamente e a tempo a documentación solicitada na convocatoria.

Realizaranse probas de xaponés, inglés e unha entrevista de forma presencial na Embaixada de Xapón en Madrid só para as persoas que resulten seleccionadas. Esta entrevista, normalmente, faise entre os meses de xuño ou xullo.

A primeira selección corre a cargo da Embaixada nipoa. Despois, é o Ministerio xaponés quen fai a selección definitiva, que se dá a coñecer a principios do ano seguinte. Normalmente, os elixidos viaxan a Xapón nos meses de abril ou outubro dese mesmo ano.

BOLSEIROS DESTACADOS DA USC

O número de bolsas que se ofertan son variables, pero en convocatorias anteriores foron entre seis e oito. Paloma Valor explica que se presentan candidatos de toda España. Entre os bolseiros do Goberno xaponés que pasaron pola Universidade de Santiago de Compostela atopamos ao doutor **Ramón Cacabelos**, quen recibiu o premio europeo en Medicina en 2019 e, actualmente é “unha eminencia en estudos do Alzheimer, mundialmente recoñecido”. Cacabelos foi doutor en Medicina e Cirurxía pola USC no ano 1985. Continuou a súa formación durante unha década en Xapón no departamento de Psiquiatría da Facultade de Medicina da Universidade de Osaka, onde tamén obtivo un doutoramento en Ciencias Médicas, Medicina Interna e Psiquiatría, e especializándose en Psiquiatría na Facultade de Medicina da Universidade de Osaka.


Outro bolseiro destacado é **Gabriel Álvarez Martínez**, quen fixo a mestría de profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria na USC. Entre os anos 2012 e 2014 estudou na Universidade de Kobe. Actualmente, é tradutor ao galego e castelán de literatura xaponesa e manga. Traduciu a autores como Haruki Murakami, Kenji Miyazawa, Tanizaki, etc.



EDIUS NOVAS

A Facultade de Filoloxía da USC acolle este ano o ‘Día dos Graduados’

Os días 19 e 20 de maio terá lugar na Facultade de Filoloxía da USC o ‘Día dos Graduados 2022’.



A Escola de Doutoramento Internacional da USC, os Grupos de Investigación Discurso e Identidade, Spertus e Variación e Cambio Lingüístico, e o Programa de Doutoramento Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura, no que participan as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVigo), convidan ao estudiantado de doutoramento de Humanidades a participar nesta xornada, á que, ademais de presencialmente, tamén se pode asistir a través da plataforma TEAMS.

[↩ Ir ao sumario](#)


O ‘Día dos Graduados’ é un evento organizado anualmente polo Programa de Doutoramento Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados que rota a celebración das xornadas entre as sedes das tres universidades galegas que participan no título. Trátase dunhas xornadas de interese para doutorandos e doutorandas de Humanidades nas que se convida a académicos a impartir conferencias de interese xeral sobre novos eidos na investigación humanística e as súas correspondentes metodoloxías, así como informar sobre aspectos da carreira universitaria.

Os poñentes convidados este ano son o profesor da Universidade da Laguna e avaliador da ANECA, Juan Ignacio Oliva Cruz, quen ofrecerá unha serie de ‘Consideracións curriculares para a obtención da acreditación a figuras de Axudante Doutor e Contratado Doutor’; a profesora da Universidade das Illas Baleares Cristina Suárez Gómez, quen impartirá a conferencia que leva por título “Doing research on World Englishes: theoretical and methodological considerations”; e a profesora da Universidade de Oviedo Luz Mar González Arias, que nos ilustrará coa conferencia “Investigar desde espacios fronterizos, o la interdisciplinariedad como práctica académica: Las Humanidades Médicas”.

O programa complétase cunha mesa redonda na que doutorandos/as noveles e doutores/as egresados/as compartirán a súa experiencia como alumnos e alumnas do programa. Tamén haberá sesións para que doutorandos e doutorandas expoñan a través de breves intervencións os seus proxectos de investigación e os avances no desenvolvemento das súas teses.

A participación no evento pode limitarse a asistir ás xornadas en calidade de ouvintes ou tamén animarse a participar activamente compartindo a investigación en curso. A inscrición é gratuíta a través da seguinte ligazón: <https://forms.office.com/r/PMvQF2k6VN>

Para calquera consulta, os interesados poden dirixirse a: margarita.estevez.saa@usc.es



Formación

Actividades Maio 2022

Transversais

Competencias en información e recursos

Látex

5, 6, 9, 10, 11, e 12 de maio de 2022. Facultade de Filosofía.
De 15:30 a 18:30.

Matrícula: do 21 ao 28 de abril de 2022

Competencias en perspectiva de xénero, ética e igualdade na I+D+i

A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento: importancia, vixencia e utilidade na investigación

4, 10, 24 e 31 de maio de 2022. Sala de Debates, Edificio CEA, Parque de
Vista Alegre. De 16:00 a 20:00h.

Matrícula: do 19 ao 26 de abril de 2022

Artes e Humanidades, CC Sociais e Xurídicas

Competencias en análise de datos e modelización

Socimetría. A Análise de Redes Sociais como unha técnica diferente para realizar investigacións

23 de maio de 2022. Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de
Vista Alegre. De 10:00 a 14:00h.

Matrícula: do 9 ao 16 de maio

 [Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



Marián Cobelas

Doutora en Lingüística pola Universidade de Santiago de Compostela. Estada de investigación predoutoral (Profs. Marjorie e Charles Goodwin) no Center for Language, Interaction and Culture (University of Los Angeles). Actualmente imparte a materia 'Fundamentos de la Lectoescritura' na Universidad Internacional de la Rioja (UNIR).

Marián Cobelas, doutora en Lingüística pola Universidade de Santiago de Compostela

«Un bo director ou directora de tese debe ser unha persoa accesible que transmita confianza, compromiso e autenticidade»

A investigadora impartirá un taller de Xestión de Equipos para mellorar a dirección e tutorización de doutorandos/as.

A EDIUS organiza un curso para que directores/as e titores/as de teses de doutoramento melloren a súas capacidades, calidades e técnicas de aprendizaxe. Marián Cobelas, doutora en Lingüística Teórica e Aplicada pola Universidade de Santiago de Compostela encargada de impartir esta formación, asegura que “non todos traemos de serie a capacidade de acompañar aos demais ante estes retos, pero este tipo de competencias adquirense, adéstranse e intégranse pouco a pouco”

Por que é importante que titores, titoras, directores e directoras de tese asistan a esta formación?

A miúdo, especialmente no ámbito académico e no mundo universitario, encontrámonos con profesionais altamente cualificados a nivel técnico, por así dicilo, pero non tan preparados en todo aquilo relacionado coas habilidades inter e intrapersoais. En definitiva, coas competencias socio-emocionais, o que resulta normal e comprensible tendo en conta que a nosa xeración e as anteriores non fomos educadas en intelixencia emocional. É por iso que este tipo de formacións ofrécelles unha oportunidade fantástica para iniciar un traballo tan necesario nesa dirección. Neste tipo de cursos non só abordamos contidos relacionados co desenvolvemento persoal e profesional, senón que tamén abrimos un espazo de reflexión para que, de forma práctica, integremos aspectos fundamentais que debemos desenvolver cando acompañamos os nosos alumnos e alumnas nas aulas e, máis importante aínda, cando os guiamos ante un reto tan grande, non só a nivel académico, senón tamén a nivel emocional, como é o de realizar unha tese de doutoramento, xa que é un momento que acostuma xerar moita incerteza, estrés e períodos de desmotivación en moitas persoas. Por todo isto diría que, máis que importante, é moi útil poder recibir formación desta índole como directores de tese, TFM, TFG, etc.

[↩ Ir ao sumario](#)

«Non todos traemos de serie a capacidade de acompañar aos demais ante retos deste tipo, pero este tipo de competencias adquirense, adéstranse e intégranse pouco a pouco»

Calquera doutor ou doutora é válido para dirixir ou titorizar unha tese?

En relación ao que comentaba na pregunta anterior, diría que, na miña opinión, si, pero sempre e cando nos preocupemos por desenvolver este tipo de habilidades. É dicir, non todos traemos de serie a capacidade de acompañar aos demais ante retos deste tipo, pero este tipo de competencias adquirense, adéstranse e intégranse pouco a pouco. Polo tanto, só polo feito de ser doutor/a non se está capacitado para dirixir unha tese de doutoramento de maneira efectiva, si entendemos efectivo facer un acompañamento integral dos nosos alumnos/as e non só baseado exclusivamente no plano académico. Sen embargo, a boa noticia é que se queremos e estamos comprometidos co noso labor de directores/as, podémolo traballar e desenvolver aínda que a algún/algunha lles coste máis que a outros.

Que calidades debe ter un bo director ou unha boa directora de tese?

Como para calquera traballo ou profesión, diría que son necesarias tamén as mesmas características que consideramos que debe ter unha “boa persoa”. Non obstante, creo que para dirixir unha tese é moi necesario ser empático. Saber poñerte no sitio do teu alumno/a, ver as súas necesidades, conectar coas súas preocupacións, os seus medos. Ao mesmo tempo, saber escoitar de forma activa, comunicarnos de forma efectiva e tamén é esencial ter capacidade de liderado para saber ser modelo e inspiración das calidades académicas que queremos transmitir ós nosos douto-

randos/as. En definitiva, resumiríao en ser unha persoa accesible que, dalgunha maneira, transmita confianza, compromiso e autenticidade ós nosos alumnos/as.

Deben transformar moitas cousas no seu xeito de traballar cos doutorandos e doutorandas?

Pois depende do punto no que estea cada persoa. Eu, pola miña experiencia persoal cando realicei a miña tese, fun testemuña, por dicilo dalgunha maneira, de distintos modelos de directores de tese. Por unha banda, tiven a sorte de ter unha moi boa directora, pero tamén vin en compañeiros doutorandos infinidade de modelos distintos. Desde directores que gozaban desas calidades das que falabamos antes, até outros aos que lles viría moi ben traballar este tipo de aspectos para poder desenvolverlas porque carecían delas. Polo tanto, creo que dependerá da persoa, como con todo nesta vida. Non obstante, o que si podo dicir é que, tras a miña experiencia persoal facendo unha estadía de investigación en UCLA en Estados Unidos, considero que, en termos xerais, en España nos fai falta tomar máis consciencia da enorme importancia que teñen as habilidades socio-emocionais nas nosas relacións laborais en xeral. Habería que facer un traballo por parte de todos e todas nesta dirección para establecer relacións de traballo (neste caso entre directores e doutorandos, aínda que sería extrapolable a outras cuestións como entre compañeiros de departamento, por exemplo) moito máis sans, positivas e, sobre todo, horizontais.

Que é iso da “intelixencia conversacional” que debe haber entre as dúas partes?

Cando falo de “intelixencia conversacional” refirome á arte de saber comunicarnos de forma efectiva. Moitas veces cremos que comunicarnos é simplemente intercambiar unha mensaxe, pero non é só algo tan obvio ou sinxelo. O feito de que as persoas nos entendamos é case un milagre, aínda que falemos o mesmo idioma. Cada persoa ten o seu propio mapa mental, as súas experiencias de vida, a súa maneira de ver o mundo e iso inflúe directamente á hora de comunicarnos. Tomar consciencia de que a miña maneira de ver o mundo non é a única, nin é a realidade, senón só unha maneira sen máis de ver as cousas, é esencial para que no proceso comunicativo o meu interlocutor se sinta comprendido, para establecer un espazo de escoita real, para evitar malos entendidos, etc. E iso é o que poderíamos denominar intelixencia conversacional, é dicir, dominar a arte da comunicación interpersoal.

É difícil fomentar a motivación e o compromiso académico do alumnado?

Creo que é difícil se se ten unha relación xerárquica co noso alumnado, se non se senten que poden confiar en nós nin se abren espazos para unha comunicación honesta. Por outro lado, exercer un liderado efectivo como titor/a tamén pasa por non “rescatar” ós nosos alumnos/as. É dicir, non converternos tampouco en modelos de “pais salvadores”. A horizontalidade axuda a que o alumno/a se responsabilice das súas decisións, da realización da súa tese, da súa vida académica en xeral, por así dicilo. O noso labor é acompañalos, e se o facemos de maneira efectiva, é o propio alumno/a quen se conecta de forma orgánica coa súa motivación interna e o seu compromiso, pero desde fóra non podemos motivalos ou facer que se comprometan por moito que nós queiramos. Debemos axudarlles a facelo, pero nunca crer que podemos ou debemos facelo por eles. Ese proceso forma parte do seu propio desenvolvemento profesional e persoal (do dos alumnos/as).

«Un liderado efectivo conséguese cando establecemos unha relación horizontal cos nosos doutorandos/as»

Un liderado efectivo conséguese cando... (completa, por favor, a afirmación)

Pois ocórrense moitas maneiras de completar esa frase, pero, se tivese que elixir só unha diría que un liderado efectivo conséguese cando establecemos unha relación horizontal cos nosos doutorandos/as. E iso, sen dúbida, pasa por sentir que traballamos man a man desde o respecto mutuo, a admiración mutua, a confianza e a honestidade.

«En España, habería que establecer relacións de traballo moito máis sans, positivas e, sobre todo, horizontais»



Teses

Abril 2022

Enzymatic technology for the production of high added value oligomers from natural antioxidants

ABEL MUÑIZ MOURO

Director/es: Gemma Maria Eibes González, Beatriz Gullón Estévez

PD: Enxeñaría Química e Ambiental

Data: 01/04/2022 - Presencial

Fisiopatología de las malformaciones cavernosas cerebrales: papel del EGFR y de las GCKIII quinasas

MIRIAM SARTAGES GARCÍA

Director/es: Celia María Pombo Ramos, Juan Bautista Zalvide Torrente

PD: Medicina Molecular

Data: 01/04/2022 - Presencial

Resumo:

The undeniable shift to worldwide aged population and the increasing attraction of consumers towards natural products has induced a growing demand of polyphenolic antioxidants. However, the applicability of these substances is often hindered by their scarce bioavailability. The enzymatic polymerization of these compounds has been proven an efficient method leading to products with enhanced aqueous solubility. The present PhD thesis focuses on the oligomerization of natural antioxidants with pharmacological and nutraceutical properties, catalyzed by fungal enzymes. The achieved results allowed to identify the operational parameters affecting the properties of the obtained oligomers, as well as to perform a preliminary environmental and economic assessment of the reuse of the biocatalyst in biocompatible reaction media.

Resumo:

Las malformaciones cavernosas cerebrales (CCM) se componen de vasos sanguíneos anormales en forma de cavernas de paredes delgadas. En la actualidad, las lesiones solo se atajan mediante neurocirugía, un tratamiento invasivo que no se puede aplicar en todos los casos. La presente tesis aborda el estudio de las bases moleculares de esta enfermedad mediante dos estrategias distintas. Por un lado, un objetivo nos llevó a estudiar el aumento del receptor EGFR en células endoteliales deficientes en la proteína CCM3. Estas células demostraron ser más susceptibles a sufrir apoptosis en presencia de inhibidores farmacológicos del EGFR, lo que nos sugiere su uso como terapia en las CCM. Por otro lado, quisimos también conocer cuál era el papel que las GCKIII quinasas en el desarrollo de la enfermedad. Tanto en modelo in vitro como en modelo in vivo, nuestros resultados sugieren que las GCKIII quinasas STK24 y STK25 juegan un importante papel en la inhibición de las CCM.

[↩ Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en abril

La lactancia materna prolongada protege contra la obesidad inducida por la dieta a través de la interacción entre FGF21 y el sistema dopaminérgico en el hipotálamo

VERÓNICA LORENA PEÑA LEÓN

Director/es: Rubén Nogueiras Pozo, Luísa María Seoane Camino

PD: Endocrinología

Data: 01/04/2022 - Semipresencial

Regulación de la capacidad metastásica de los clústeres de CTC mediada por la interacción con los fibroblastos asociados a cáncer

LPABLO HURTADO BLANCO

Director/es: Rafael López López, Roberto Piñeiro Cid

PD: Medicina Molecular

Data: 01/04/2022 - Semipresencial

[↩ Ir ao sumario](#)

Resumo:

Los eventos que tienen lugar en períodos tempranos de la vida podrían ser determinantes en el desarrollo de obesidad. Mientras que el efecto de la nutrición materna sobre las crías ha sido ampliamente estudiado, los efectos de la nutrición de las crías, especialmente de la lactancia materna en la reprogramación del metabolismo en la infancia/adulthood siguen siendo desconocidos. Partiendo del diseño de un modelo animal de lactancia materna prolongada, investigamos si ésta provocaría cambios persistentes en la homeostasis energética, e investigamos los mecanismos moleculares subyacentes. Los resultados indican que el destete retrasado en las crías las protege contra la obesidad inducida por la dieta en la edad adulta, a través de un aumento de la termogénesis del tejido adiposo marrón y del gasto energético. Estos efectos de la lactancia prolongada están mediados por el aumento en la producción hepática de FGF21 y de su acceso al hipotálamo. A nivel central, FGF21 activa las neuronas GABAérgicas que expresan el receptor 2 de la dopamina en el área hipotalámica lateral y la zona incerta. Concluimos que la lactancia materna prolongada protege frente a la obesidad a través de cambios fisiológicos duraderos que involucran la comunicación entre hígado, hipotálamo y tejido adiposo pardo.

Resumo:

En torno al 90 % de las muertes asociadas con cáncer se deben a la metástasis, proceso en el que la intercomunicación dinámica existente entre el tumor y el microambiente tumoral es uno de los factores claves, produciendo señales a las células tumorales que promueven su habilidad de invadir y metastatizar. Las células tumorales circulantes o CTC son aquellas células capaces de diseminarse a partir del tumor primario a órganos distales, sembrando nuevos focos tumorales. La presente tesis doctoral tiene como objetivo el estudiar cómo el microambiente de los tumores de mama condiciona el potencial metastásico de las CTC y clústeres de CTC, con el fin de identificar nuevos marcadores del proceso de metástasis con relevancia clínica. Para ello, se emplearán co-cultivos celulares que representen la heterogeneidad celular presente en los tumores y a partir de los que obtener clústeres de CTC de distinta composición. Esto nos permitirá estudiar la contribución de sus componentes, centrándonos en los fibroblastos asociados a cáncer o CAF, a la diseminación tumoral mediante ensayos funcionales in vitro e in vivo.

Teses defendidas en abril

Postnatal neurogenesis and molecular characterization of different types of neural progenitor cells in the fish retina

ISMAEL HERNÁNDEZ NÚÑEZ

